

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2009.**

**Asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

**Secretario:**

D. Luis M<sup>a</sup> Fernández del Olmo.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 13 horas do día 13 de xaneiro de 2009, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D<sup>a</sup> Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

**D.1) ESCRITO REMITIDO CON DATA 2 DE XANEIRO DE 2009, POLA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO.**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito do epígrafe.

Dáse conta igualmente do proxecto técnico correspondente á obra da Rúa Apeadero, redactado polo Enxeñeiro, D. José Enrique Cacicedo Herrero, cun presuposto de execución por contrata de 325.167,50€.

Pola Interventora Municipal, informase á Xunta de Goberno Local que existe crédito necesario e suficiente, a nivel de vinculación xurídica o que pertence a partida económica de gasto á que debe imputarse a meritada obra.

Enterada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, acorda:

- 1º) Aproba-lo proxecto técnico correspondente á obra da Rúa Apeadero, redactado polo Enxeñeiro, D. José Enrique Cacicedo Herrero, cun presuposto de execución por contrata de 325.167,50€.
- 2º) Designar e facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, titular do DNI nº 33.993.648-Q, para a formalización do convenio coa Consellería de Vivenda e Solo cuio obxeto será a execución da obra de referencia.
- 3º) Xustificar ante a citada Consellería a dispoñibilidade presupostaria por parte do Concello de Xove, pola cantidade de 65.033,50€, equivalentes ó 20% do orzamento de execución por contrata da obra de referencia.

**D.2) APROBACIÓN DO CONVENIO DA SUBVENCIÓN EXTRAORDINARIA A SUBSCRIBIR ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE XOVE.**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do borrador do convenio remitido pola Diputación Provincial de Lugo, que a seguir se transcribe íntegramente:

**“CONVENIO DA SUBVENCIÓN EXTRAORDINARIA A SUBSCRIBIR ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE XOVE.**

**INTERVENEN**

Dunha parte, o Ilmo. Sr. Don José Ramón Gómez Besteiro, presidente da Deputación Provincial de Lugo que actúa en nome e representación da entidade local, de acordo co disposto no art. 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

E doutra Don José Demetrio Salgueiro Rapa con DNI 33.993.648-Q que actúa en nome e representación do Concello de Xove de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio regulador de subvención excepcional aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan e, de común acordo,

**MANIFESTAN**

Primeiro.- O día 2 de decembro publicouse no BOE o RDL 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.

Segundo.- A Deputación Provincial de Lugo na súa vocación de colaboración cos municipios da provincia, realiza, ante esta situación extraordinaria, un esforzo igualmente excepcional na procura de que sexan aproveitados todos os fondos recibidos de forma que non quede ningunha cantidade por investir, por falta de financiamento para a realización de actuacións non subvencionables de acordo co citado RDL 9/2008, de 28 de novembro.

Terceiro.- En consecuencia co anterior, e a proposta da Presidencia, habilitouse un fondo extraordinario para financiar ata un máximo de 1 340 223,26 euros, que se corresponde co 4% sobre o orzamento da execución material do financiamento máximo que figura para cada concello no Fondo Estatal de Investimento Local.

O dito fondo provincial está destinado a sufragar os gastos derivados de actuacións relacionadas co Fondo Especial do Estado e que non se poidan financiar con cargo ás cantidades incluídas no mesmo, sempre que sexan actuacións, como xa se puxo de manifesto, derivadas dun proxecto técnico completo.

Cuarto.- Para os efectos do presente convenio considérase proxecto técnico completo o sinalado no art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Quinto.- As obras cuxa contía sexa inferior a 50 000,00 € tamén poderán recibir achegas cando para a súa execución sexa precisa a elaboración dun proxecto técnico completo, de acordo coa normativa vixente de aplicación.

Sexto.- As actuacións financiadas con cargo ás cantidades recollidas no presente convenio serán as relacionadas na resolución que se dite polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial relativa á autorización para o financiamento dos proxectos.

Sétimo.- Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscripción do presente convenio nos orzamentos da Excma. Deputación provincial para o ano 2008, na partida 449.762 e que se inclúe na Liña 1 do Plan Estratéxico de subvencións da Área de Presidencia .

E con base en tales antecedentes ambas as institucións consideran oportuno establecer un convenio con arranxo ás seguintes:

**CLÁUSULAS:**

Primeira.- Obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio a subvención por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Xove, co obxecto de financiar as actuacións excluídas de financiamento con cargo ao fondo estatal, de acordo co disposto no art. 2 da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local, sempre que sexan actuacións derivadas dun proxecto técnico completo no sentido que establece o art. 107 da Lei 30/2007, de

30 de outubro, de contratos do sector público, entendéndose que estes son os gastos subvencionables.

Para os efectos sinalados no parágrafo anterior considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que se acrediten mediante a certificación do Secretario do Concello do acordo adoptado polo órgano competente de aprobación da factura.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerárase gasto realizado o realmente executado sen que sexa necesario que o mesmo se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

Segunda.- Contía máxima da achega da Deputación Provincial de Lugo

A contía máxima da achega da Excm. Deputación Provincial de Lugo ascende a unha cantidade de dezaoto mil catrocentos setenta e tres con vinte e cinco euros (en letra) 18 473, 25 euros (en número).

Terceira.-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos:

A. O Concello de Xove comprométese á realización das obras incluídas na autorización para o financiamento dos proxectos que se dite polo Secretario de Estado de Cooperación territorial, nos prazos establecidos polo o RDL 9/2008, de 28 de novembro e na Resolución de 9 de decembro de 2008:

O Concello de Xove comprométese, ademais, ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como á obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, os cales serán tamén pola súa conta. O Concello de Xove deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagamentos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar as actuacións excluídas de financiamento con cargo ao Fondo Estatal, de acordo co disposto no art. 2 da Resolución de 9 de decembro de 2008, de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local, sempre que sexan actuacións derivadas dun proxecto técnico completo de acordo co disposto no art. 107.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público cunha cantidade MÁXIMA de dezaoto mil catrocentos setenta e tres con vinte e cinco euros (en letra) 18 473, 25 euros (en número).

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvención Deputación Provincial de Lugo e do INLUDES, así como nas Bases do orzamento xeral para o ano 2008.

A Excm. Deputación Provincial poderá, en calquera momento, con ou sen previo aviso, inspeccionar as obras subvencionadas coa finalidade da comprobación da adecuación dos fondos concedidos ao Concello de Xove, para a realización da actividade subvencionada.

Quinta.- Patrocinio

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actividade realizada é subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións que se deriven da execución do presente convenio e isto poderase facer en calquera tipo de soporte,

En concreto, instalarase un cartel anunciador, coa mesma extensión e condicións de visibilidade, có resto dos que se instalen no lugar da obra, no que se faga constar de forma explícita o financiamento por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo

Sexta.- Xustificación y pago das subvencións

Unha vez finalizada a actividade e no prazo de dous meses, o Concello de Xove deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizaranse de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2008.

Unha vez finalizada a acción e, previa á xustificación por parte do Concello de Xove, sinalada no parágrafo procederase ó aboamento ata o máximo da cantidade subvencionada.

Oitava.- Normativa de aplicación

No que non estea regulado no presente convenio estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES
- Bases do orzamento xeral para o ano 2008.
- RDL 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse créditos extraordinarios para atender o seu financiamento
- Resolución de 9 de decembro de 2008, de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.“

Enterada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º) Aproba-lo borrador de convenio anteriormente transcrito.

2º) Autorizar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa, titular do DNI 33.993.648-Q, para que en representación do Concello de Xove proceda á sinatura do convenio de referencia.

### **D.3) DETERMINACIÓN DAS OBRAS A INCLUIR NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno local do acordo adoptado pola Xunta de Portavoces con data 12 de xaneiro de 2009, o abeiro do disposto no artigo 5º do Real Decreto Lei 9/2008 de 28 de novembro e concordantes, da resolución de 9 de decembro de 2008 relativas ó Fondo Estatal de Inversión Local .

Previo debate, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, acorda a inclusión no antedito Fondo, do proxecto de inversión integrado polas obras que a seguir se relacionan, descritas nas correspondentes memorias explicativas obrantes no expediente:

1. *Urbanización da prolongación do Camiño Real, dende o Acceso o Grupo Escolar ata a Rúa Os Chozos, cun presuposto de execución material por contrata de 178.739'44 €.*
2. *Melloras e Acondicionamento da Urbanización Palmeiro, cun presuposto de execución material por contrata de 230.996,83€.*
3. *Ampliación do paso subterráneo da vía de FEVE en Regonsangüento, cun presuposto de execución material por contrata de 227.775'73 €.*

**D.4) SOLICITUDE DE “EDIFICIO A MARIÑA OCCIDENTAL” PARA VADO PERMANENTE DE 4 METROS.**

Vista solicitude formulada polos propietarios do Edificio A Mariña Occidental con CIF nº H27340413 con domicilio en C/ Tomás Mariño Pardo, 8 (27870 Xove), no que solicitan un vado permanente para a entrada de vehículos ó garaxe da *calle sin apertura*, perpendicular á Tomás Mariño Pardo, (para o que non é necesario facer obras) con unha anchura de 4 metros; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Autoriza-la colocación do vado permanente solicitado, coa advertencia expresa que dito vado deberá ubicarse no fronte de beirarrúa que da acceso á planta-soto de garaxe do inmovible.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

**D.5) CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.**

Por Secretaría dáse conta das solicitudes decambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

<i>Nº referencia</i>	<i>Titular Actual</i>	<i>Novo Titular</i>
145100	Eusebio Baño Vilar	Gabriel Baño Fernández
61500	Dolores Alonso Goas	Antonio Aranzana Padilla

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados, sinalando que ditos cambios faranse efectivos no bimestre de novembro-décembro de 2008.

**D.6) SOLICITUDE DE D. MANUEL ANGEL MEITIN ROUCO DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA OBRA EN PORTOCELO, 12 (PORTOCELO).**

Vista solicitude presentada por D. Manuel Angel Meitin Rouco, con D.N.I. nº: 33.996.814-P con domicilio en Portocelo, 12 (Portocelo), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros, para vivenda sita en Portocelo, (polígono 3, parcela 26), por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesaria a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 5 metros de tubería de 25 en 10 Atm. U.A. e a colocación dun contador; e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 264,28€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40 .....	34,86€
1 Collarín de fundición 63 -1 “ .....	23,63€
1 Llave de ¾ bola .....	6,13€
1 Llave de paso .....	8,92€
1 Mamelón de latón .....	0,90€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns .....	124,00€
5 Metros canalización .....	15,00€
1 Reducción de ¾ latón .....	2,23

1 redución de ¾ a ½ latón .....	0,73€
2 Terminales de 25 -3/4 jinten .....	2,90€
5 Metros de tubo de 25 en 10 Atm .....	8,53€
Subtotal: .....	227,83€
IVA 16%: .....	36,45€
<b>TOTAL.....</b>	<b>264,28€</b>

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Manuel Angel Meitín Rouco para subministración de auga para obras de contrucción de vivenda sita en Portocelo (polígono 3 parcela 26)

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

**D.7) SOLICITUDE DE JUAN CARLOS LOPEZ GONZÁLEZ, DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA PERRUQUERÍA SITO EN AVDA DIPUTACION/ ESQUINA TOMÁS MARIÑO, 10**

Vista solicitude presentada por D. Juan Carlos López González, con D.N.I. nº: 33.992.883-X, con domicilio en Avda. Diputación, 34 4º F (27870 Xove), para entroncamento de auga para obra de acondicionamento de local para perruquería na Avda. Diputación / Esquina Tomás Mariño, 10 (Xove), por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a colocación dun contador, xa que o resto do entronque xa está feito de obra.

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Juan Carlos López González, con D.N.I. nº: 33.992.883-X, con domicilio en Avda. Diputación, 34 4º F (27870 Xove), para entroncamento de auga para obra de acondicionamento de local para perruquería na Avda. Diputación / Esquina Tomás Mariño, 10 (Xove), sinalando expresamente que o contador deberá ser instalado polo usuario.

**D.8) SOLICITUDE DE MARCOR XOVE S. L. DE ALTA DE SUMINISTRO PARA NAVE SITA EN CAMBA.**

Por Secretaría dáse conta da solicitude de D. Luis Martinez Rouco en representación de Marcor Xove S.L. con domicilio en Bedrido (Camba-Xuances) de alta no subministro de auga para uso industrial, para nave sita en Bedrido-Camba.

Visto o informe favorable do Encargado de Augas do Concello; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la alta no subministro de auga para uso industrial para nave sita en Bedrido-Camba á empresa Marcor Xove S.L.

2º) A notificación ó interesado e ó Servizo de Augas ós efectos procedentes.

**D.9) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local da Resolución de Alcaldía que se transcribe de seguido:

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/03, de 16 de decembro,

**RESOLVO:**

1º) De acordo coas solicitudes e visto o informe do Encargado do Servizo de Augas do Concello, autorizar o cambio de titularidade no subministro de auga potable que se relacionan:

<b>Nº Referencia:</b>	<b>Titular Actual:</b>	<b>Novo Titular:</b>
117000	Caixa Galicia	Hortensia Guerreiro Cociña
141500	Jose Villarquide Cobelo	Carmen Villarquide Bermudez
28400	Jose Fernández Insua	Josefa Fernández Villarquide
149400	Guillermo Rodríguez Otero	Balbino Fernández Rodríguez
14100	Alberto Val Díaz	Constantino Val Pérez
120800	Emilia Pena Ben	Bruno Manuel Pereira da Silva
134800	Masa Galicia, S.A	Jose Antonio Sanchez Otero
23400	Demetrio Quelle Louzao	Rosario Lage Otero
57600	Emilio Canoura Martinez	María Fe Fernández Míguez
56100	Manuel Quelle Perez	María Teresa Valle Quelle

2º) Que ditos cambios produciranse no bimestre Setembro – Outubro 2008.

3º) Darase conta na próxima Xunta de Goberno Local que se celebre os efectos oportunos. “  
Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acorda a ratificación desta resolución , os efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, polo Sr. Alcalde -Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fe.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.:Luis Mª Fernández del Olmo